- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO: - Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a



- producción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
 - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
 - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
 - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
 - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
 - Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Luis Sampedro Pérez

Visto o escrito presentado por **Luis Sampedro Pérez**, de data 28/11/2025 (Rexistro de entrada nº 28.598), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 4438202MH9143N0001IZ, 4438205MH9143N0001SZ, 4438203MH9143N0001JZ e 4438201MH9143N0001XZ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 28/04/20246, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 2026000000028598 do día 28 de novembro de 2025.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunhas parcelas.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunhas parcelas indicando as súas referencias catastrais.


4.2. Normativa urbanística

As parcelas con referencias catastrais 4438202MH9143N0001IZ, 4438205MH9143N0001SZ, 4438203MH9143N0001JZ e 4438201MH9143N0001XZ, atópanse clasificadas coma Solo Urbano non consolidado, dentro dun polígono, concretamente do polígono P-37, segundo o PXOM de Ribeira, no



seu planos 7.3, Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos (Corrubedo), a escala E:1/2.000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.b. da LSG aplicáraselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.



O Polígono P-37, está definido no PXOM cas seguintes condicións:

SUPERFICIE TOTAL: 5.100 m²

APROVEITAMENTOS LUCRATIVOS: 3.060 m²

SUPERFICIE CESIÓN (Sistema Local)

- Rede Viaria:
- Equipamentos:
- Espazos libres: 2.300 m²
- TOTAL: 2.300 m²

CLASE DE SOLO: Urbano non Consolidado

INCLÚIDO NA AREA DE REPARTO Nº: ARP - P37

OBXECTIVOS

Trátase de ordear a mazá existente obtendo coma cesión para equipamentos comunitarios dotacionais o edificio existente.

CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

- Altura máxima: B + 2
- Aliñacións: --
- Usos: Residencial colectivo.
- Ordenanza: Nº 5



DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN

O desenvolvemento deste polígono realizarase mediante Estudio de Detalle e a súa xestión mediante compensación.

OBSERVACIÓNS

A limitación para uso residencial será a establecida no artigo 11.1.b da Lei do Solo de Galicia.

4.3. Autorizacións ou informes sectoriais

A servidume de protección de Costas afecta a estas parcelas e contan cunha edificación incluída no catálogo de Ribeira, estando todas elas dentro da súa franxa de protección.

14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Ambrosio Cadabal Basoco

Visto o escrito presentado por **Ambrosio Cadabal Basoco**, de data 01/12/2025 (Registro de entrada nº 28.756), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A014003820000KO.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 04/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600028756 do día 1 de decembro de 2025.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada


Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencias catastrais 15074A014003820000KO, atópase clasificada coma Solo Urbano Residencial extensivo unifamiliar illado (Ordenanza 6.3.A), segundo o PXOM de Ribeira, no seu planos 6.1, Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos (Carreira), a escala E:1/2.000.



O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicáraselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.



A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela son:

“ARTIGO 157: ORDENANZA 6.3.A.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.

1. Definición e ámbito.

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificado dos núcleos urbanos en contacto cas dirección de estrada e rúas definidas nos planos de ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: *Só se admitirán, ademais do uso característico as terciarias que teñan una relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e dos sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.*

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da vivenda unifamiliar illada.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².



Fronte mínimo: 12 m.

Condicións de Forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m de diámetro.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

4.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Altura da edificación: Número de plantas B+1+BC, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,50 m. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,50 metros

Altura de coroación: 4,0 metros desde o último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata una altura máxima de 1,0 metros, podéndose aumentar esta altura mediante elementos diáfanos ata una altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode alcanzar una altura máxima de 1,50 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizará se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,90 m, debendo ser acristaladas nun 50%.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,60 m.

Cubertas: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas, empregando en calquera caso, como material de cobertura, tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

4.5. Condicións ambientais e estéticas:

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase cos ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

4.3. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela non conta con afeccións sectoriais.



15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José Francisco García Sieira

Visto o escrito presentado por **José Francisco García Sieira**, de data 29/04/2026 (Rexistro de entrada nº 10.125), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A840003670000ZX.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 04/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600010125 do día 29 de abril de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A840003670000ZX, no seu plano 2.12 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario; coma solo rústico común.

As condicións desta Ordenanza son:

- **Solo Rústico Común**

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- Muros de contención, así como valado de predios.
- Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en



tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.



- b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
- a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro de zona de Policía de canles de Augas de Galicia, polo que para levar a cabo calquera actuación urbanística deberá contar ca autorización deste Ente Público.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela conta con fronte a vial público, representado nos planos do PXOM e incluído no inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Ribeira co número 121.

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A.

Visto o escrito presentado por Miguel Ángel Sánchez Domínguez en representación da Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A., de data



26/11/2025 (Rexistro de entrada nº 28.420), no que solicita información urbanística en relación á parcela situada en Lugar de Cubeliños, s/n, con referencia catastral 15074A008010400001LP.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 04/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202500028420 o día 26 de novembro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral e achegando un plano de situación.


4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A00801040, coma solo urbano (S.U.) no seu plano 3.11, de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 coa ordenanza de aplicación núm.1, para o solo urbano.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

A ordenanza 1. do PXOM, ten a denominación de “Residencial intensiva colectiva en mazá”, artigo 150 do PXOM.





"ARTIGO 150: ORDENANZA 1.- RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA EN MAZÁ."

1. Definición e ámbito.

Comprende esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa

forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.

O seu deseño apoiase sobre a rede viaria existente e a que se ten deseñado ou completado mediante o presente planeamento.

É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de mazá, á que se lle adxudican

unha ou varias alturas máximas de comisa en atención á diferenza de cotas do viario.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial intensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda colectiva

Usos admisibles: Terciario de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. Parámetros da edificación



4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 100 m², Exceptuando as parcelas existentes entre dúas xa consolidadas.

Fronte mínimo: 6 m. Excepto parcelas entre medianeiras.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 100%.

Ocupación en planta baixa: Fondo máximo: 25 m

Ocupación en Sotos: 100% da parcela edificable.

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Aliñación: As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.

4.3. Condicións de volume

Número de plantas: As definidas nos planos de ordenación, ca limitación do largo de rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, salvo nas rúas relacionadas na seguinte táboa:

Rúa de Galicia: B + E + 2P 4- Ático

Avda. Do malecón e paseo das Carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E 4- 4P 4- Ático

C/ Cordierio: B + E + 3P + Ático

C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c\ Irmandiños): B + 3P + Ático

C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático

C/ Lagareu: B 4- 3P + Ático

C/ Lepanto: B + 3P + Ático

C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P 4- Ático

C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático

C/ Monumento: B + 3P 4- Ático

C/ Noro: B + 3P + Ático

C/ Nove de agosto: B + E + 3P -t- Ático

C/ Romero Ortiz (desde Malecón ata Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático

C/ Rosalía Castro: B + E + 4P + Ático

Praza do Concello: B -l- E + 4P 4- Ático

Avda. Ferrol (desde Padín ata Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E -f- 2P + Ático

Avda. Pérez Galdós: B + E + 2P + Ático

Prolongación rúa Escorial: B + 4P 4- Ático

Altura de cornixa: Para determinar a altura máxima, consideraranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas en caso de uso residencial, que pode á aumentar a 3,20 m. para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.

Altura de coroaçión: La cumieira situarase nunha cota máxima de 4 metros por cima do último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Autorízanse as construcións de baixo cuberta cun peto en liña de fachada de 1,00 m. de altura máxima.

Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.

Os patios de luces rexiránse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso.

Advértese de que consta acordo de caducidade de licenza de obras, de construción de edificio colectivo de tres sotos, planta baixa e sete plantas altas para 152 vivendas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xuño de 2023. (Expediente municipal 2022/CADL000001), o cal se axunta a este informe

5. AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS

A parcela non ten afeccións sectoriais.



Concesión de prórroga de prazo de execución por 24 meses, concedida por acordo de xunta de goberno local celebrada o 11/06/2009.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase sobre o resultado da inspección realizada á parcela de referencia con data 24.01.2022 e a súa situación urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, en adiante LOE

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Inspección da obra

Na visita de inspección, realizada ás 15:10 horas do día 18.01.2022 recolléronse os seguintes datos:

- Referencia catastral da parcela: 15074A008010400001LP
- Non foi posible acceder ao interior do inmovible
- Tipo de Obra: Construción de Edificio de vivendas.

O estado das obras apreciase nas seguintes imaxes realizadas durante a inspección:




Compróbase que se encontra construído, aproximadamente, unha terceira parte da superficie do soto e forxado de planta baixa, e as obras se encontran en estado de abandono.

Consta no expediente un informe de maio de 2018, no se fai constar que naquela data, as obras encontrábanse nunha fase de execución equivalente á actual, e a parcela sen edificar se encontraba anegada de auga.

4.2. Normativa urbanística



A parcela onde se está a realizar a obra atópase en solo urbano (S.U.), segundo o PXOM de Ribeira, no seu plano 3.11, de Clasificación e calificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000. O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.



A ordenanza 1. do PXOM, ten a denominación de “Residencial intensiva colectiva en mazá”, artigo 150 do PXOM.

En dita normativa establécense os parámetros urbanísticos cunha parcela mínima de 100 m², un fondo máximo de 18 m en plantas de pisos, e de 25 m en planta baixa; unha ocupación da parcela do 100%, en sotos.

No caso que nos compete, e unha vez revisado o proxecto de execución referido, a edificación excede o fondo máximo permitido nas plantas de pisos.

Ademais, no caso de tentar adaptar a edificación ás normativas en vigor, sería obxecto dunha modificación da licenza, tendo en conta que tanto o Código Técnico da Edificación, coma o Decreto de habitabilidade de vivendas de Galicia, inclúen unha serie de prescricións ca edificación, tal e como estaba proxectada inicialmente, non cumpriría estas normativas

5. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que **procede**:

- As obras encóntranse en estado de abandono desde hai anos, polo que o prazo de execución concedido (incluso ca prórroga concedida no ano 2009, encóntrase finalizado).
- As obras, para adecuarse ás normativas vixentes, requirirían dunha modificación ou nova licenza, e algúns dos aspectos contemplados no proxecto licenciado, non cumprirían as normativas urbanísticas municipais.
- Proceder iniciar trámite de declaración de caducidade da licenza, o que extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística en vigor.

O arquitecto municipal

Óscar Pidre Mosquera

(documento asinado dixitalmente)





III
CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. A caducidade é a extinción da eficacia da licenza motivada polo **incumprimento dos prazos fixados** no acto de outorgamento imputable ao interesado (debido á inactividade do mesmo unida ao paso do tempo).

O efecto que produce a caducidade dunha licenza é a **imposibilidade de iniciar, ou no seu caso, de continuar a actividade edificatorio** (quedan excluídas desta prohibición as obras iniciadas ou ordenadas coa finalidade de garantir a seguridade das persoas e os bens ou o valor da edificación xa realizada).

SEGUNDO. As licenzas outorgaranse por un prazo determinado tanto para iniciar como para finalizar os actos amparados polas mesmas.

Os prazos para a iniciación e finalización das obras computaranse desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza.

No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal tras o procedemento con audiencia ao interesado.

TERCEIRO. É consolidado o criterio xurisprudencial (Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de maio de 1989, por todas) en virtude do cal que **a caducidade das licenzas nunca opera de modo automático**, pois se require dun acto declarativo, na medida en que vén truncar una situación favorable para o administrado, non creada pola licenza, senón preexistente nel, como titular potencial dun dereito subxectivo «*o ius edificandi*».

Dí así a citada Sentencia «O instituto da caducidade das licenzas Municipais debe acollerse con cautela, con criterios de flexibilidade, moderación e restrición, tendo en conta que a caducidade impide o exercicio de auténticos dereitos adquiridos, debendo apreciarse a caducidade da licenza restrictivamente, conforme ao carácter deste acto e aos principios xerais desta técnica interventora, favorecedores da situación Xurídica do particular».

A declaración de caducidade **extinguirá os efectos da licenza**. Una vez notificada a caducidade da licenza, **as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén una nova licenza** axustada á ordenación urbanística en vigor.





17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA/SOLICITUDE DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN – Francisca Fontao Lijó

VISTO o expediente relativo á solicitude de **Dna. Francisca Fontao Lijó** sobre **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN** das **fincas rexistrais nº 34208**, da que resultan dos porcións, cas refª catastrais 15074A034002790000KI e 15074A037017980000KA, da **finca Rexistral nº 34.029**, da que resultan dos porcións cas refª catastrais 15074A034002780000KX e 15074A037017970000KW, e da **finca Rexistral nº 34.030**, da que resultan 3 porcións cas refª catastrais 15074A034002050000KF, 15074A037003390000KS e 15074A037004380000KU, xa que orixinalmente se trataban de parcelas únicas que posteriormente foran atravesadas por execución de infraestruturas viais.

VISTO o informe emitido polo **arquitecto municipal** de data **14 de abril de 2026**.

VISTO o informe emitido con data **17 de abril de 2026** polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo.

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **30 de abril de 2026**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, **ADOPTA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada por **Dna. FRANCISCA FONTAO LIJÓ**, en relación coas **fincas rexistrais nº 34208**, da que resultan dos porcións, cas refª catastrais 15074A034002790000KI e 15074A037017980000KA, da **finca Rexistral nº 34.029**, da que resultan dos porcións cas refª catastrais 15074A034002780000KX e 15074A037017970000KW, e da **finca Rexistral nº 34.030**, da que resultan 3 porcións cas refª catastrais 15074A034002050000KF, 15074A037003390000KS e 15074A037004380000KU,, **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN**, xa que orixinalmente se trataban de parcelas únicas que posteriormente foran atravesadas por execución de infraestruturas viais.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles..

TERCEIRO.- Asimesmo a declaración de innecesariedade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariedade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*



- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Digna María González Pego

Visto o escrito presentado por **Digna María González Pego**, de data 05/05/2026 (Registro de entrada nº 10.436), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A029000100000KJ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 05/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A029000100000KJ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Ageitos González

Visto o escrito presentado por **Juan Ageitos González**, de data 05/05/2026 (Registro de entrada nº 10.480), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033007620000KW, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 05/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033007620000KW, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María de los Ángeles Bouzón Ríos

Visto o escrito presentado por **María de los Ángeles Bouzón Ríos**, de data 29/04/2026 (Rexistro de entrada nº 10.027), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3241704NH0134S00100X, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 30/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3241704NH0134S00100X, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

7594 01.04.2026 MANUELA OBDULIA SANTOS SANTOS, comunicación previa de primeira ocupación de legalización e finalización de obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar, na Avda. de Ferrol, 116, Ribeira. (2026 LIC-000018)

22.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: MANUEL LAMPÓN PREGO. LUGAR: LUGAR DE RÚA REDONDA NOVA, Nº 17, AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA

VISTO o expediente incoado a instancia de D.Pablo Vidal González, actuando en nome representación de **D.Manuel Lampón Prego**, (D.N.I. ***805***), a través de escritos rexistrados de entrada os días **5 de febreiro, 10 e 20 de marzo de 2026**, (rexistros de entrada nº 2.926, 5.579 e 6.588), mediante os que solicita licenza de segregación de finca con refª catastral nº 15074A921002000000UE e sita na Rúa Redonda Nova nº 17, Areeiros, Ribeira, achegando Proxecto modificado de segregación de parcela asinado dixitalmente o 10 de marzo de 2026 redactado por D. Pablo Vidal González, (arquitecto técnico col. nº 3.069) así como Proforma de documento público de escritura de segregación de parcela, presentada o día 20 de marzo de 2026, (rexistro de entrada nº 6.588).

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **23 de marzo de 2026**.

VISTA a **acta e plano de cesión** asinado pola enxeñeira municipal o día **6 de abril de 2026** en relación á superficie de **137,00, m2** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos



necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento,

VISTO o contrato de cesión asinado por D. Manuel Lampón Prego o día **20 de abril de 2026**

VISTO o informe xurídico emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **21 de abril de 2026**

VISTO o informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data **30 de abril de 2026**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a D.Manuel Lampón Prego a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 5/26) con refª catastral nº 15074A921002000000UE e sita na **Rúa Redonda Nova n.º 17, Areeiros, Castiñeiras, Ribeira**, nos termos do Proxecto modificado de segregación de parcela asinado dixitalmente o 10 de marzo de 2026 redactado por D. Pablo Vidal González, (arquitecto técnico col. nº 3.069) así como Proforma de documento público de escritura de segregación de parcela, presentada o día 20 de marzo de 2026, (rexistro de entrada nº 6.588):

- SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado por D. Manuel Lampón Prego, o día 20 de abril de 2026 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo **de 137,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en



que puideran incorrer os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

23.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE ARCOIRIS 2002 S.L., POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 6043KBJ, POR MOR DAS LABORES DE ROZA. EXPEDIENTE 2025 RESP000025.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, en nome e representación de ARCOIRIS 2002 S.L.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 10/07/2025 co número 17006, D. José Manuel Fernández Rodríguez, en nome e representación da entidade "Arcoiris 2002 S.L." promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 27/06/2025 no vehículo da súa propiedade marca Dacia Dokker, con placas de matrícula 6043KBJ, por mor das labores de roza que estaba a realizar un operario da entidade concesionaria URBASER na Avenida do Ferrol.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 05/11/2025, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/a interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 5.3 e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a representación coa que actúa mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nin acredita a titularidade do vehículo danado, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- A notificación do Decreto de Alcaldía de data 05/11/2025 foi posta a disposición do reclamante na sede electrónica na data 05/11/2025 coa seguinte referencia 002200020749.

Na data 16/11/2025 emítese certificado de rexeitamento automático de notificación, ó haber transcorrido dez días naturais desde a súa posta a disposición para o



seu acceso, de conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, intentouse a notificación por correo postal con acuse de recibo, que non puido practicarse polo motivo de “ausente reparto”, tal e como consta no expediente administrativo.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. -

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO. -

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO. -

O réxime das notificacións dos actos administrativos contense na citada Lei 39/2025, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC), dispoñendo o artigo 41.1 que: **“1. Las notificaciones se practicarán preferentemente por medio electrónicos y, en todo caso, cuando el interesado resulte obligado a recibirlas por esta vía.”**

O artigo 14 da LPAC regula o dereito e a obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas nos seguintes termos: **“1. Las personas físicas podrán elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas. El medio elegido por la persona para comunicarse con las Administraciones Públicas podrá ser modificado por aquella en cualquier momento. 2. En todo caso, estarán obligados a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo, al menos, los siguientes sujetos: a) Las personas jurídicas; b) Las entidades sin personalidad jurídica; c) Quienes ejerzas una actividad profesional para la que se requiera colegiación obligatoria, para los trámites y actuaciones que realicen con las Administraciones Públicas en ejercicio de dicha actividad profesional. En todo caso, dentro de este colectivo se entenderán incluidos los notarios y registradores de la propiedad y mercantiles; d) Quienes representen a un interesado que esté obligado a relacionarse electrónicamente con la Administración; e) Los empleados de las Administraciones Públicas para los trámites y actuaciones que realicen con ellas por razón de su condición de empleado público, en la forma en la que se determine reglamentariamente por cada Administración. 3. Reglamentariamente, las Administraciones podrán establecer la obligación de relacionarse con ellas a través de medios electrónicos para determinados procedimientos y para ciertos colectivos de personas físicas que por**



razón de su capacidad económica, técnica, dedicación profesional u otros motivos quede acreditado que tienen acceso y disponibilidad de los medios electrónicos necesarios.”

Polo tanto, tal e como se indica, as persoas xurídicas, como é o caso da entidade “Arcoiris 2002 S.L.”, están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo e, o mesmo ocorre cos representantes destas, neste caso co Sr. Fernández Rodríguez.

CUARTO.-

O artigo 43.2 da LPAC establece que: *“Cuando la notificación por medio electrónicos sea de carácter obligatorio, o haya sido expresamente elegida por el interesado, se entenderá rechazada cuando hayan transcurrido diez días naturales desde la puesta a disposición de la notificación sin que se acceda a su contenido”.*

Pois ben, como neste caso a notificación electrónica a unha persoa xurídica é obrigatoria, enténdese rexeitada por haber transcurrido dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ó seu contido.

Os efectos do rexeitamento da notificación aparecen regulados no artigo 41.5 da LPAC, que sinala que: *“5. Cuando el interesado o su representante rechace la notificación de una actuación administrativa, se hará constar en el expediente, especificándose las circunstancias del intento de notificación y el medio, dando por efectuado el trámite y siguiéndose el procedimiento.”*

Desta maneira, o Concello poderá continuar co procedemento e realizar o seguinte trámite, dando por efectuado este e deixando constancia no expediente do intento de notificación e do medio empregado para elo.

QUINTO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

SEXTO.-

No caso que nos ocupa, e segundo o anteriormente referido, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

SÉTIMO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.



Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. José Manuel Fernández Rodríguez, en nome e representación da entidade "Arcoiris 2002 S.L.", formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 10/07/2025, co número 17006, e declarar concluído o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 05/11/2025, cuxa notificación foi rexeitada polo interesado. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

24.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.L.R.A.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Brício, de data 30/04/2026, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.L.R.A.**, mediante escrito de data 22/04/2026.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 28/04/2026, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a M.L.R.A. unha axuda económica consistente en:

- Unha Renda Social Municipal: 450,00 €/mes (6 meses. Total: 2.700,00 €)
- Tarxeta solidaria (Tarxeta alimentación Vegalsa Eroski): 200,00 €/mes (2 meses. Total: 400,00 €)

25.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 30/04/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude de dona Iria Casais Rivas, sede electrónica 2026 9563 de data 23 de abril de 2026, interesada en dispor da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas para realizar unha charla formativa en "Violencia de xénero" da xuíza dona Paz Filgueira, o venres 8 de maio de 2026 a partir das 19.30 horas.

Considerando que:

- Trátase dunha actividade aberta e gratuíta.*
- Iniciativa promovida por unha asociación local que contribúe a reforzar a sensibilidade da poboación contra a violencia de xénero.*



- c) A Sala de conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas é o espazo axeitado para celebrar este acto, polo que consultado a axenda de reservas e previa comunicación coa interesada confírmase o 8 de maio ás 19.30 horas.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición:

1. Espazos públicos: Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira.
Venres 8 de maio de 2026 en horario de 19.00 a 21.00 h.
Equipo técnico audiovisual e de son.
2. Medios persoais. Servizo de conserxería.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar o uso temporal da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira ó 8 de maio de 2026 de 19.00 a 21.00 horas para realizar unha charla formativa en "Violencia de xénero" impartida pola xuíza dona Paz Filgueira.**
- **Autorizar o uso do equipamento técnico audiovisual e de son.**
- **Notificar o acordo á solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

CONDICIÓN DE USO:

- 1- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- 2-A disposición da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3- Aos efectos de preparativos, probas ou ensaios co equipo técnico (uso do proxector) poderá dispor da sala con anterioridade ao calendario autorizado previo acordo co departamento municipal de cultura.
- 4-Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do dispor da sala con anterioridade ao calendario autorizado previo acordado departamento seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 5-En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6-Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 7-Respectar a capacidade da sala (64 cadeiras con pala na zona de espectadores e 3 a 4 cadeiras na mesa presidencial).
- 8-Queda prohibida a realización de actividades económicas e que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.



- 9-Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
10. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

26.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 04/05/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de Daniel González González, sede electrónica 2026 10179 de data 30 de abril de 2026, interesado en dispor da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas en horario de 19 a 21 horas para realizar diversas charlas de 19 no seguinte calendario:

*Día 11 de maio de 2026 “Prevención de OnlyFans e as nenas captacións” a cargo de Amelia Tiganus.
Día 12 de maio de 2026 “Desmantelamento da sanidade pública” a cargo de J. Furones.*

Considerando que:

- Trátase dunhas actividades abertas e gratuítas.*
- Iniciativa promovida por unha asociación local que contribúe a reforzar a sensibilidade da poboación contra a violencia de xénero e sobre o valor do sistema sanitario.*
- A Sala de conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas é o espazo axeitado para celebrar estas charlas polo que consultado a axenda de reservas e previa comunicación coa interesada confírmase os días 11 e 12 de maio de 19.00 a 21.00 horas.*

Conclusión:

Apoiar estes actos poñendo a súa disposición:

- Espazos públicos: Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira.
Días 11 e 12 de maio de 2026 en horario de 19.00 a 21.00 h.
Equipo técnico audiovisual e de son.*
- Medios persoais. Servizo de conserxería.*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o uso temporal da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira os días 11 e 12 de maio de 2026 de 19.00 a 21.00 horas para realizar**



varias charlas abertas e gratuítas: “Prevención de OnlyFans e as nenas captacións” e “Desmantelamento da sanidade pública”.

- Autorizar o uso do equipamento técnico audiovisual e de son.
- Notificar o acordo á solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO:

- 1- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- 2- A disposición da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3- Aos efectos de preparativos, probas ou ensaios co equipo técnico (uso do proxector) poderá dispor da sala con anterioridade ao calendario autorizado previo acordo co departamento municipal de cultura.
- 4- Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do dispor da sala con anterioridade ao calendario autorizado previo acordo co departamento seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 5- En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 7- Respetar a capacidade da sala (64 cadeiras con pala na zona de espectadores e 3 a 4 cadeiras na mesa presidencial).
- 8- Queda prohibida a realización de actividades económicas e que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
- 9- Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
10. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira. culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

27.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (3)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 04/05/2026, relativa á solicitude de autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:



“Recíbese solicitude de Luís Antonio Pérez Barral, sede electrónica 2026 10050 de data 29 de abril de 2026, interesado en dispor da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas, o sábado 9 de maio de 2026 en horario de 9 a 13 hora, s para realizar unha reunión de traballo do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego co sector do mar

Considerando que:

- a) *A cesión de uso de instalacións municipais que están adscritas a área municipal de cultura deberán ter obxectivos de promoción cultural, artística, educativa e/ou comunitaria, ou en todo caso ser de carácter aberto, gratuito e de interese para o conxunto da cidadanía, polo que se limitan aquelas actividades de carácter comercial, privado, corporativo e ou político que non sexan actos públicos ou abertos á veciñanza.*

Conclusión:

A actividade proposta “reunión de traballo” non se axusta á natureza da programación da instalación municipal.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Denegar a Autorización de Uso Temporal da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira para celebrar unha “reunión de traballo” do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego co sector do mar, xa que non se axusta á natureza da programación da instalación municipal:**

“A cesión de uso de instalacións municipais que están adscritas a área municipal de cultura deberán ter obxectivos de promoción cultural, artística, educativa e/ou comunitaria, ou en todo caso ser de carácter aberto, gratuito e de interese para o conxunto da cidadanía, polo que se limitan aquelas actividades de carácter comercial, privado, corporativo e ou político que non sexan actos públicos ou abertos á veciñanza”.

- **Notificar o acordo ao solicitante.**

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada dos escritos presentados por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento **“Bar Aloha”** (Ribeira), de datas 28/04/2026 e 04/05/2026 (Rexistros de entrada nº 9.923 e 10.391), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar Aloha”** (Ribeira), o día 16/05/2026, en horario de 21:00 h. a 23:30 h.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento **“Café Bar O da Rubia”** (Ribeira), de



data 05/05/2026 (Registro de entrada nº 10.448), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 09/05/2026, en horario de 21:00 h. a 02:00 h.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE PROCESIÓN S - Asociación Vivir Corrubedo

Visto o escrito presentado por Abdón Santos Santos en representación da **Asociación Vivir Corrubedo**, de data 29/04/2026 (Registro de entrada nº 10.114), no que solicita autorización para a celebración de procesión s en Corrubedo os días 31/05/2026, 07/06/2026 e 28/06/2026; asímesmo solicita a colaboración municipal coa asistencia da Policía Local no relativo a cortes de tráfico e sinalización viaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración de procesión s en Corrubedo os días 31/05/2026, 07/06/2026 e 28/06/2026.
- **Prestar a colaboración municipal** coa asistencia da Policía Local no relativo a cortes de tráfico e sinalización viaria.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE MERCADILLO SOLIDARIO – Asociación de Amas de Casa de Ribeira

Visto o escrito presentado por Juana Ermitas Crujeiras Vidal en representación da **Asociación de Amas de Casa de Ribeira**, de data 01/05/2026 (Registro de entrada nº 10.271), no que solicita autorización para a celebración dun Mercadillo Solidario de libros usados, o día 14/05/2025, en horario de 17:00 h. A 20:00 h., na Praza do Concello; así como se lle facilite unha toma de electricidade se fose necesaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun Mercadillo Solidario de libros usados, o día 14/05/2025, en horario de 17:00 h. A 20:00 h., na Praza do Concello.
- Facilitar unha unha toma de electricidade se fose necesaria.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- DACIÓN DE CONTA DA PROGRAMACIÓN EDUCATIVA E DE DINAMIZACIÓN DO USO DO GALEGO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA - MAIO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe remitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 04/05/2026, relativo á programación educativa e de dinamización do uso do galego do Servizo de Normalización Lingüística - Maio 2026.



33.- SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO – Cidadanía Sociedade Cooperativa Galega

Visto o escrito presentado por Rosa maría Ruiz Castro en representación de **Cidadanía Sociedade Cooperativa Galega**, de data 05/05/2026 (Rexistro de entrada nº10.447), no que solicita autorización de ocupación de espazo público para a celebración da actividade “Pesca Saúde”, para a dinamización dos centros de saúde de varios concellos, instalando unha carpa de 3 x 4,5 m., o día 11/05/2026, en horario de 10:00 h. a 14:00 h. diante do centro de saúde de Ribeira; solicitando ademais unha conexión eléctrica para mellor desenvolvemento da actividade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación de espazo público para a celebración da actividade “Pesca Saúde”, para a dinamización dos centros de saúde de varios concellos, instalando unha carpa de 3 x 4,5 m., o día 11/05/2026, en horario de 10:00 h. a 14:00 h. diante do centro de saúde de Ribeira.
- Prestar a colaboración municipal coa habilitación dunha conexión eléctrica para mellor desenvolvemento da actividade.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE (FOOD TRUCK) – Roman Yampilets

Foi retirado da Orde do Día o escrito presentado por **Roman Yampilets**, de data 14/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.670), no que solicita autorización para a a instalación dun posto de venda ambulante (Food Truck - 10 m²), na Estrada do Faro (Corrubedo), nas datas de 01/06/2026 ata 30/09/2026, en horario de 09:00 h. a 21:00 h.

35.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN AMICOS (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 04/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMICOS, co obxecto de achegar atención psicopedagóxica integral e especializada ás persoas con discapacidade e aos seus familiares co fin de mellorar a súa calidade de vida ao longo do ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMICOS, co obxecto de achegar atención psicopedagóxica integral e especializada ás persoas con discapacidade e aos seus familiares co fin de mellorar a súa calidade de vida ao longo do ano 2025, por importe de 3.400,00 €.

36.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 04/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Pro Saúde Mental A CREBA, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade do Programa de Transporte de usuarios, dentro do programa de actividades para o ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Pro Saúde Mental A CREBA, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade do Programa de Transporte de usuarios, dentro do programa de actividades para o ano 2025, por importe de 3.400,00 €.

37.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ÁGAPE (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 04/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación ÁGAPE, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade "Proxecto de atención psicopedagóxica para menores con trastorno do aspecto autista para o ano 2025".

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación ÁGAPE, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade “Proxecto de atención psicopedagóxica para menores con trastorno do aspecto autista para o ano 2025”, por importe de 3.400,00 €.

38.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA FESTA DAS ANGUSTIAS – Asociación Cultural As Dunas

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 06/05/2026, relativa á autorización da Festa das Angustias en Bretal-Oliveira, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por José Manuel Martínez Suárez, en representación da Asociación Cultural As Dunas, sede electrónica 2026 10471 de data 5 de maio de 2026, interesado celebrar as Festas das “Angustias” en Bretal, parroquia de Oliveira, os días 16 e 17 de maio de 2026

Manifesta que terá lugar no Adro da Capela e consistirá en verbena nocturna ó sábado 16 de maio; Alborada, misa e sesión vermú amenizada por un grup local ó domingo 17 de maio.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

- Autorización para celebrar a festa das “Angustias” no lugar e calendario sinalado.
- Reforzo de contenedores e limpeza diaria no lugar da festa.

Consta no expediente:

- Certificado de seguro. Póliza número 548352831 e recibo de pago. Período validez do 20/02/2026 a 20/02/2027.

Actuacións de oficio:

- Postos en comunicación co organizador nos indica que a previsión de participantes é de 10 persoas aprox. Así como o horario da sesión vermú será de 13.30 a 16.30 horas.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.



- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.**

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas competencias comprométese a:

- **Autorizar a celebración da Festa das "Angustias"** no Adro da Capela, Bretal os días 16 e 17 de maio de 2026 na parroquia de Oliveira.
- **Establecer un horario límite de actividade** ata as 4:00 h na madrugada do sábado ao domingo e a sesión vermú ata ás 17.00 horas do domingo.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de servizo de limpeza e contenedores os días de festa.**
 - **Ordenación do tráfico, sinais e valado segundo disponibilidad.**

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Festa das "Angustias" no Adro da Capela- Bretal os días **16 e 17 de maio de 2026 na parroquia de Oliveira-Ribeira.**
- Establecer como **horario límite** das actividades as **4:00 horas** da madrugada do sábado a domingo e sesión vermú ata ás **17.00 horas** do propio domingo (16 e 17 de maio de 2026).
- Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado se o precisaran e dependendo da dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.



- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN PROCESIÓN DA VIRXE MILAGROSA (OLEIROS) – María Isabel Vila Pérez

Visto o escrito presentado por **María Isabel Vila Pérez**, de data 06/05/2026 (Registro de entrada nº 10.656), no que solicita autorización para a celebración da Procesión da Virxe Milagrosa (Oleiros), o día 17/05/2026 a partir das 12:30 h., así como a colaboración municipal coa presenza da Policía Local e do GAEM co fin de regular o tráfico e garantir a seguridade durante a celebración da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Procesión da Virxe Milagrosa (Oleiros), o día 17/05/2026 a partir das 12:30 h.
- Prestar a colaboración municipal coa presenza da Policía Local e do GAEM co fin de regular o tráfico e garantir a seguridade durante a celebración da mesma.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e ao GAEM para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

